

Exposición

MUSEO ABERTO

LEMBRAR NO MUSEO 2005-2011

*Museo Etnolóxico de Ribadavia
xuño 2012 - decembro 2012*



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E O.U.

Dirección xeral de Patrimonio cultural

galicia



Museo
Etnolóxico
Ribadavia



Asociación de Amigos
do Museo Etnolóxico e do
Conxunto Histórico de Ribadavia

O Museo Etnolóxico de Ribadavia alberga dentro dos seus muros un rico patrimonio cultural que desempeña un papel importante na construción da memoria e na percepción da identidade.

Considerando o beneficio que o manexo dese patrimonio ten para as persoas afectadas pola enfermidade de Alzheimer e cumprindo a función social propia dun museo público, o Museo Etnolóxico de Ribadavia elaborou, no marco do programa Museo Aberto, o proxecto Lembrar no Museo, destinado ás persoas afectadas por esta enfermidade. Pretendíase tender unha ponte entre estes enfermos e o seu pasado, empregando técnicas de reminiscencia a partir do contacto directo con obxectos e contextos que formaron parte da súa vida cotiá.

Os recordos xerados nos obradoiros realizados e as experiencias de memoria tecida no conxunto de actividades organizadas posúen para o Museo un valor engadido, en canto que nelas se activa un novo patrimonio: o que nace da conexión entre técnicos, enfermos, expertos e cuidadores e o que se configura na interpretación de significados, sentidos e valores.

As persoas afectadas pola enfermidade contribúen ao coñecemento e valoración do patrimonio cultural que custodia o museo aportando as súas opinións, mostrando os seus sentimentos e aportando novos significados para os bens e obxectos manexados nos talleres. Prodúcese, xa que logo, un intercambio que contribúe ao benestar e mellora da calidade de vida dos enfermos e tamén dos cuidadores.

Como indica a psicóloga Rosa M^a Almeida con este programaponse en marcha unha «psicoestimulación cognitiva utilizando a técnica da Reminiscencia como tratamento terapéutico, permitindo aos participantes crear recunchos de recordos, recuperar vellos rituais e gozar novamente de velhas experiencias, desencadeadas polas lembranzas vividas nos obradoiros; activando a exploración creativa, e mediante diversas temáticas e antigas habilidades, cóidase o presente a través do pasado».

A exposición Museo Aberto: Lembrar no Museo 2005-2011 pretende dar a coñecer unha iniciativa novidosa, socialmente crítica e moi ilustrativa das posibilidades dun museo para ser un axente máis da sociedade do benestar. Ao tempo, apreciamos a fecundidade do patrimonio cultural cando ollamos os significados e valores que a súa utilización espertou entre as persoas que participaron nos sucesivos proxectos.



Fátima Braña Rey
Comisariado

Pilar Iglesias Armada
Coordinación